

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO  
DE GALICIA DE MONTAÑA 2020



**D. ALEXIS VIEITEZ**  
**CAMPIÓN DE GALICIA DE MONTAÑA NA AGRUPACIÓN “A”**



## REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA

### Artigo 1.-

A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, establece para o 2020, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Montaña:

- Campionato de Carrozados (Ag. 1, 2, 3, 4, e 5).
- Campionato Non Carrozados (Ag. 6, 7 e 8).
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 6.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 7.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 8.
- Copa de Galicia de Montaña para AGRUPACIÓN 9.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- E as Copas de Promoción que designe a F.G. de A.

**Artigo 2.- ASPIRANTES.** Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

### Artigo 3.- NORMAS, DURACIÓN E CLASIFICACIÓN DA PROBA.

- 3.1.- Tódalas probas deberán celebrarse nun prazo máximo de 48 horas (dous días) coeficiente 7 e 8:
- 3.2.- Por causa de forza maior, luminosidade, etc., pódese dar a saída cada 30 segundos, a exclusivo criterio do Director da proba ou do Colexio de Comisarios Deportivos.
- 3.3 -En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estrear e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaranselle os dous xogos de pneumáticos usados con marcas de probas anteriores.
  - 3.3.1.- O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas (sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.
  - 3.3.2.-De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.
  - 3.3.3.- Os pneumáticos de mollado (4 unidades ) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 3.3.2 deste artigo.
  - 3.3.4.- O xogo de pneumáticos usados, de ter participado en probas do Campionato de Galicia de Montaña 2020, terá que ter as marcas dunha proba anterior.
  - 3.3.5.- O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaxe, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos lixados ou moldeados.
- 3.4.- As probas celebraranse en sábado e domingo, as verificacións realizaranse sábado pola mañá, e as tres subidas (1 de adestramentos e dúas oficiais) pola tarde.
- 3.5.- O domingo realizaranse as tres subidas (1 de adestramentos e dúas oficiais) pola mañá.
- 3.6.- Clasificación das probas.
  - 3.6.1.- En tódalas probas de coef. 7 e 8, discriminaranse das catro mangas oficiais, para o computo final, retendo e sumando as dúas mellores, que se obteñan no sábado ou domingo; en definitiva as dúas mellores mangas oficiais das catro celebradas nos dous días indistintamente.
  - 3.7.- Cada día terase que tomala saída, como mínimo para optar a clasificación final, nunha manga (adestra-



mento ou oficial) aínda que non se chegue a meta.

3.8.- O equipo que teña un percance de tipo mecánico pode solicitar, por escrito en documento que se lle apartará no autobús da F.G. de A. Terase que presentar ó Colexio de Comisarios Deportivos antes do inicio da manga, para a non participación na seguinte manga e reparar.

3.9.- **De participar e non finalizar dúas mangas oficiais, entre os dous días, será excluído do meeting a tódolos efectos.**

3.10.- Queda terminantemente prohibido trasladar as mangas que foron suspendidas o sábado para o domingo.

#### Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

4.1.- Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán agrupados nas seguintes Agrupacións:

AGRUP	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2000 cc	Art. 255 Anexo J 2010 FIA	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2016 FIA	1200	33
	WRC 1.600 cc	Art. 255 Anexo J 2017 FIA	1175	36
	R5	Art. 261 Anexo J 2017 FIA	1230	32
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A Anexo J 2013 FIA	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A Anexo J 2013	1200	N/A
	R4	Art. 260 Anexo J FIA	1300	33
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34
	Gr A + 2000 c.c. 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2017	1230	34
	Gr N + 2000 c.c. 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr X + 2000 c.c. 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	34
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
	RG1	Art. 256 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	S/Ficha Homo.
	Gr. G + 2000 C.C.	Grupo "G" FGA	S/Regulamento	34
	Gr. P	GRUPO P	S/Regulamento	34
Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha Homo.	
2	R3T	Art. 260D Anexo J FIA	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	N/A
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	N/A
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA	1080	N/A
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Ficha Homo.	33
	Gr. A +1600/-2000 Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr. G - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homo.	34
Gr. X +1600/-2000 Kit Car	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A	
3	R2B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	1030	N/A
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homo.	S. procedencia
	Gr A -1600 c.c.Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA	S/Regulamento	N/A
	Gr.N +1600 - 2000 c.c. (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
	Gr.X+1600 - 2000 c.c. (2RM)	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
	Historicos + 1600 c.c. (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
4	Gr.N -1600 c.c.	Art. 254 Anexo J FIA 2017	S/Regulamento	N/A
	R1A / R1B -1600 c.c.	Art. 260 Anexo J FIA	980 / 1030	N/A
	Gr.X-1600 c.c.	Grupo "X" FGA	S/Regulamento	N/A
	Historicos -1600 (2RM)	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/Regulamento	N/A
5	Tódolos Grupos - 1000 C.C. agás Históricos	S/procedencia	S/ Ficha Homo.	
6	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC	S/procedencia/Art. 4	S/Ficha Homo./Art. 4	S. procedencia
	Ata 1.000 c.c.			
7	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC	S/procedencia	S/Ficha Homo.	S. procedencia
	De 1.001 c.c. ata 1.400 c.c.			
8	CM, EM, C3-CN, EH, EL, D/E2SS-CN/E2SC	S/procedencia	S/Ficha Homo.	S. procedencia
	De máis 1.401 c.c.			
9	CARCROSS	S/procedencia/Art. 4	S/Ficha Homo./Art. 4	S. procedencia
	Ata 600 c.c.			

(\*) HISTORICOS: Ata o ano 1985 inclusive

(\*) GRUPO X: A partir de 1986 inclusive.

GRUPO P. Tódalas cilindradas. GRUPO ESPECIAL PROTOS-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN: Serán admitidos a participar e puntuar aqueles vehículos que ó soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos esixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I.T.V. de rallye vixente e o día), nin temporal, nin do Plan Pive, ou similares; agás os "vehí-



culos específicos de competición" os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade. Os vehículos turbo alimentados que participen neste grupo deberán montar una brida de diámetro interior de 34mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 44 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5 mm a cada lado diste. No caso dun motor con dous compresores en paralelo, cada compresor está limitado por unha brida cun diámetro interior máximo de 24 mm, e un diámetro exterior máximo de 30 mm nas condicións prescritas anteriormente.

.- Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación (factura) ou ficha de homologación expedida polo constructor, ou pola F.I.A. A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo. Todos estes vehículos deberán ter operativos os pilotos posteriores ou no seu defecto instalar uns pilotos de cor vermello, cunhas bombillas de 15w mínimo. Os vehículos pertencentes a este grupo deberán cumprilos requisitos do regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

**GRUPO SCC:** Cilindrada ata 1500 cc. autorizado con ou sen turbo. Vehículos de produción de serie, e con pasaporte específico, adecuados a normativa publicada no Anuario da F.G. de A., con motor de moto ata 1500 cc., con tracción dianteira, traseira, 4X4, ou con motor central. Admitírase a participación dos vehículos Mitjet, e Legend Cars neste Grupo. Si algún vehículo ten instalado un turbo ten que ter autorización expresa da Comisión Técnica da F.G. de A., e despois de aplicarlle o coeficiente multiplicador (1.7) en ningún caso pode sobrepassar os 3.000 c.c.

**GRUPO C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC:** Tódalas cilindradas. Vehículos C3: As características técnicas do motor deberán estar reflexadas na ficha técnica do mesmo. Limitase a cilindrada a un máximo de 3.500 cm<sup>3</sup>. Grupo D/E2-SS: Vehículos de carreira monoprazas de Fórmula Internacional ou Fórmula Libre dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c.

Grupo CN/E2-SC: Vehículos deportivos de produción e vehículos de competición bipraza, (combinados) abertos ou pechados, construídos dunha cilindrada igual ou inferior a 3.500 c.c.

Os vehículos que teñan asinado o seu peso na ficha de homologación (FIA, FGA ou RFEDA) terán que respectalo. Os vehículos que non teñan asinado o seu peso, ou non posúan ficha de homologación terán que atēñerse ó Artigo 277 do Anexo J. O peso de ditos vehículos será o seguinte:

ata 1000 cm<sup>3</sup> 500 Kg.

Máis de 1000 cm<sup>3</sup> a 1300 cm<sup>3</sup> 530 kg

Máis de 1300 cm<sup>3</sup> a 1600 cm<sup>3</sup> 560 kg

Máis de 1600 cm<sup>3</sup> a 2000 cm<sup>3</sup> 600 kg

Máis de 2000 cm<sup>3</sup> a 2500 cm<sup>3</sup> 640 kg

Máis de 2500 cm<sup>3</sup> a 3500 cm<sup>3</sup> 650 kg

Vehículos CN: Deberán de cumprir o artigo 259 do Anexo J do C.D.I., a cilindrada do motor limitase a 3500 cm<sup>3</sup>.

**GRUPOS CM, EM:**

(CM): ata 1.400 c.c. (Carburación ou inxección).

(EM): ata 1.400 c.c. (Carburación ou inxección).

**CARCROSS:** Vehículos de propulsión traseira para vehículos carcross de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2020, e téñense que inscribir na Agrupación 9. Os números de competición terán que ir nas verticais dos pontóns.





**HISTÓRICOS:** GRUPO "H": Fabricados antes do 1985, inclusive.

Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

Máis de 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

4.2.- Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumprir a regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL) segundo o artigo 277 Anexo J, fórmula homologado (EH), e fórmula con motor de moto (EM), da F.G. de A., agás no eido da cilindrada que se aterá a taboa publicada no Artigo 4. Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1.987 que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anella, ca que a protección, a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.

4.3.- A tódolos efectos, considérase constituída unha Agrupación coa saída dun so vehículo.

**Artigo 5.- ORGANIZACIÓNS.**

5.1.- As Entidades Organizadoras deberán adoptar para cada proba as normas de organización e seguridade establecidas no C.D.I., e na regulamentación da F.G. de A.

5.2.- Para a aprobación dos regulamentos, as entidades organizadoras deberán presentalo na secretaría da F.G. de A., 40 días antes da data prevista para o inicio da Competición.

5.3.- Reparto de Premios: O reparto de premios terá lugar, salvo casos de forza maior, antes de 30 minutos despois da apertura do parque de custodia.

5.4.- Os equipos que non recollan os trofeos e premios na entrega, so causa de forza maior, perderanos.

**Artigo 6.- DESENROLO DA PROBA.** Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto. Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión. A velocidade dos recoñecementos non pode sobrepasar os 90 quilómetros/hora. Ante o sucedido nalgunas probas realizadas na tempada anterior, onde varios participantes facían trompos e conducción indebida de volta o parque de traballo, despois de celebrada cada manga de competición; advirtese os vehículos "0" e "00" que en todo momento teñen que baixalos vehículos comprimidos, sen separación e baixo un control estricto e a velocidade moi moderada. Asímesmo notificase aos participantes, moi en especial os de regularidade, que a partir da data requirírase os Colexios de Comisarios Deportivos para que calquera conducta anti-deportiva sexa sancionada con "**Exclusión**" con posterior traslado o Tribunal Nacional de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, para depuralas presuntas conductas antideportivas non axustadas o Regulamento da proba e do Anuario Deportivo.

6.1.- Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

1.- Os primeiros en saír, en tódalas mangas, son os fórmulas, barquetas, CM, Carcross, SCC, e turismos de maior a menor potencia, tendo o primeiro número o Campión en título (2019).

2.- Tódolos vehículos que usen calentadores, e estean na caravana de saída de tódalas mangas, si houberse paróns, non poderán volver a súa asistencia, so pena de rigorosa exclusión, ó volver a poñelos calentadores dos pneumáticos.

3.- Está normativa é de obrigado cumprimento, a tódolos efectos, en tódalas probas dos Campionatos de Galicia de Montaña.

4.- Prégase face-las listas de inscritos coa máxima rigorosidade, e tendo moi en conta ós pilotos que figuran na clasificación dos Campionatos Galegos, con revisión da F.G. de A. e asinamento do habilitado para a súa publicación.

5.- Os parafusos e as porcas das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamia. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

6.- O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 6 metros antes da liña de toma de tempos (fotocelulas).



6.2.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída-traballo, ou parque de custodia onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.).

6.3.- Carreira:

6.3.1.- Os conductores deberán estar a disposición dos oficiais da proba, 20 minutos antes do horario de saída previsto. O organizador creará unha zona de presaída sinalizada mediante carteis de inicio e fin de presaída, onde os vehículos serán revisados e controlados polos Comisarios Técnicos e Comisarios de Presaída.

6.3.2.- O piloto que non estea no seu posto de saída, cando lle corresponda por número correlativo, quedará penalizado con 10 segundos a tódolos efectos, en calquera das seis mangas, sendo acumulativas.

6.3.3.- Non se permitirá variara orde de saída, salvo solicitude e autorización dos Comisarios Deportivos, para non desvirtualo “fair-play” da proba, e cumprilo mandado polo habilitado.

6.3.4.- Saída: O xefe de posto, encargaranse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). A saída darase co vehículo parado e motor en marcha. Cando o vehículo estea na liña de saída (no seu minuto), na conta atrás, **de non poder pasala célula fotoelétrica, otorgáraselle o tempo do peor clasificado na manga mais 10 segundos, e autorizaráselle a retiralo vehículo para reparalo e continuar participando no meeting, previa solicitude e autorización do Colexio de Comisarios Deportivos.** No caso de apagado de motor dun vehículo ás ordes do xuíz de saída, a posterior posta en marcha do mesmo non poderá realizarse empurrando ou aproveitando o desnivel da mesma. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-930, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-930) ata o instante de activación da cronometraxe.

6.3.5.- Chegada: Será lanzada e quedará prohibido deterse ata 200 metros pasada a liña de chegada onde os vehículos ordenaranse para organizala caravana de baixada para tomar novamente a saída.

6.3.6.- Carreira: Todo vehículo alcanzado terá que deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. **Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.** Todo vehículo que tomara a saída (adestramento ou oficial) non poderá tomala de novo baixo ningún caso de obstrución ou impedimento dos Comisarios de Pista por accidente ou causa de forza maior. De acordar, **excepcionalmente**, os Comisarios Deportivos ó contrario terán que levantar acta ó efecto e comunicalo a secretaría da F.G. de A. Os participantes en todo momento deberán atermosse rigurosamente ás indicacións dos Comisarios de Pista, do Director da Proba, e dos Comisarios Técnicos.

6.3.7.- Cronometraxe: Tanto en saída como en chegada a cronometraxe será realizado á milésima de segundo por células fotoelétricas con impresión e dobraxe obrigatorio (Tag Heuer).

6.3.8.- **Será obrigatorio a presenza dun vehículo “R”, da F.G. de A., cun piloto rescatador, ATS, e oficial médico (todos iles titulados), debendo facer constar o seu nome e números de Colexiados, por parte do xefe de seguridade vial, no parte de traballo, e no Regulamento Particular da Proba para a súa aprobación.**

6.3.9.- Terán que estar previstas medidas de evacuación (ó menos dúas segundo o plan establecido polo Xefe Médico do Vehículo “R” da F.G. de A., e o Oficial responsable da seguridade vial, da proba (postos de control e demais). Na proba, será obrigatoria unha U.V.I.-Móbil, e entregarse un plan de evacuación ós conductores das ambulancias (asistencial e U.V.I) para o seu coñecemento, así como do percorrido idóneo ata o Centro Asistencial.

6.3.10.- Os Organizadores terán que dispor obrigatoriramente:

- Un vehículo con megafonía para avisos ó público e lenda de advertencia.
- Dúas ambulancias (Unha medicalizada-U.V.I.).



- O Autobús da Federación, co seu persoal ó completo (Chofer, Xefe Intendencia, e Inxeñeiro de clasificacións da Federación).

- Equipo de excarceración (Grumir), e coche de bombeiros.

- Como mínimo un vehículo "R" de intervención rápida, debidamente equipado con material, e de extinción, para a súa intervención no caso de calquera accidente que poda producirse no transcurso da proba. Este, ou estes vehículos deberán ir identificados, e provistos de luz xiratoria destellante ámbar, e de sirena, tendo que situarse na liña de saída en zona habilitada.

6.3.11.- Zonas de perigo. Deberán sinalizarse con cinta plástica bemella con lenda de ZONA PROHIBIDA Ó PÚBLICO así como evita-lo acceso de espectadores a dita zona mediante vallas, e outros materiais que eviten o paso a ditos lugares, así como o estacionamento dos espectadores en lugares que puideran ser perigosos.

6.3.12.- O número de controladores de pista será o necesario para que dun posto a outro teña enlace visual. Cada posto de control estará composto como mínimo de dúas a tres persoas adultas, e coa licenza de sinalizador expedida pola F.G. de A. Deberán dispor de material necesario para a súa función (emisora de radio, teléfono, bandeiras, extintores, silbatos regulamentarios homologados, cepillo ou escoba e sepiolita), e deberán ir identificados con vestimenta/petos de alta visibilidade homologados, que respondan as prescricións técnicas contidas no Real Decreto 1407/1962, de 20 de novembro, para o seu fácil recoñecemento. Recoméndase ós organizadores, en cada proba, soliciten a un piloto que os acompañe a verificar as medidas de seguridade establecidas na proba, e firme no libro de seguridade, a testifical de comprobación. É normativa de obrigado cumprimento baixalos vehículos participantes, despois de cada manga celebrada, de seguido do último participante e despois da chegada do vehículo "00" exclusivamente. Non se permite en ningún caso a dobre circulación no treito.

6.3.13.- Os vehículos da caravana só poden subir antes dos adestramentos, sábado e domingo, estando prohibido transitar polo treito antes das mangas oficiais. O Xefe de Seguridade Vial, despois de transitar polo treito antes do comezo do meeting e evacualo correspondente informe ó Director de Carreira e Comisarios Deportivos, só poderá transitar polo treito en caso de sinistro, actualización, e evacuación, para reposición das medidas de seguridade.

#### **Artigo 7.- PARQUES.**

7.1.- O parque de presaída deberá estar delimitado e considerarse parque de custodia.

7.2.- O parque de chegada considerase parque de custodia. Os vehículos quedarán obrigatoriamente en réxime de parque de custodia desde o final da última manga ata 30 minutos despois da publicación dos resultados. Queda terminantemente prohibido transportar no vehículo calquera persoa distinta ó conductor, so pena de exclusión do meeting sobre todo no parque presaída.

7.3.- O parque de presaída-traballo ordenase por número de menor (1) a maior. Si a asistencia e compartida outorgase o lugar correspondente ó numero máis alto.

**Artigo 8.- INSCRICIÓNS.** Establece un máximo de dereitos de inscrición de 275 €, con publicidade da organización, e de 550 €, sen publicidade para tódolos grupos. Si os participantes que se inscriban nunha proba non puídesen tomar parte na mesma, deberán comunicar a súa decisión, á Entidade Organizadora, coa maior antelación posible, pero sempre antes da súa hora límite de presentación ás verificacións. Os organizadores e concursantes coidarán da exactitude da lista de inscritos debendo xustificar ante a F.G. de A. calquera irregularidade.

**Artigo 9.- PREMIOS.** En cada proba do Campionato, os organizadores deberán repartir un mínimo de Coef. 7 (7.285 €), e Coef. 8 (8.295 €) efectivos (reparto mínimo especificado no regulamento particular de Montaña).

**Artigo 10.- CLASIFICACIÓNS.** Serán establecidas as clasificacións scratch seguintes:



- 10.1.- Unha clasificación xeral para tódolos grupos reunidos (OFICIAL: Carrozaos e Non Carrozados).  
 10.2.- Unha clasificación xeral independente de Carrozados e de Non Carrozados.  
 10.3.- Unha clasificación xeral para cada un das Agrupacións establecidas.  
 10.4.- Unha clasificación por escuderías concursantes conxunta Carrozados e Non Carrozados.  
 10.5.- Se o organizador prevé algunha clasificación máis, deberá facelas constar no regulamento particular. Para a clasificación de escuderías se outorgarán puntos ós vehículos de tódolos grupos segundo regulamento de escuderías.  
 10.6.- Unha clasificación para as fórmulas de promoción individualizada por copa ou trofeo.

### Artigo 11.- PUNTUACIÓNS.

11.1.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións, serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

11.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
25	20	15	12	10	8	6	4	2	1

11.3.- Os puntos obtidos dacordo co indicado nos apartados 11.1 e 11.2, serán acumulados e o seu total multiplicado polo coeficiente da proba considerada. Para a clasificación do Campionato, soamente se terán en conta as clasificacións previstas nos artigos 10.1 do presente regulamento.

11.4.- Para os Campionatos de Galicia obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a Carrozados ou Non Carrozados (independentes).

**Artigo 12.- COEFICIENTES.** A F.G. de A. atribuirá a cada proba un coeficiente, que será detallado no artigo 15 do presente regulamento.

### Artigo 13.- CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.

- 1.- A clasificación final do Campionato Galego de Montaña será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.
- 2.- Para a clasificación final do Campionato de Montaña, reteranse e sumaranse os resultados de todas as probas celebradas menos dúas.
- 3.- Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

**Artigo 14.- EMPATES.** Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o cita-do empate. De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

### Artigo 15.- CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA MONTAÑA.

DATA	PROBA	COEF.	ESCUDE RÍA
25/26-04-2020	13ª SUBIDA A STA. Mª. DE OIA	8	BM
09/10-05-2020	2ª SUBIDA A MARIN	7	TORRES COMPETICION
23/24-05-2020	22ª SUBIDA A SALETA	8	AGE MOTORSPORT
06/07-06-2020	2ª SUBIDA A DUMBRIA	7	SENRA SPORT
04/05-07-2020	9ª SUBIDA A PONTENOVA	8	A PONTENOVA
18/19-07-2020	23ª SUBIDA A PONTEVEDRA-ALMOFREI	7	CIDADE DE PONTEVEDRA
01/02-08-2020	3ª SUBIDA A CERDEDO-COTOBAD E	7	CIDADE DE PONTEVEDRA
08/09-08-2020	5ª SUBIDA A PONTE CALDELAS	7	BUXA MOTOR POIO





29/30-08-2020	25ª SUBIDA A ESTRADA	8	ESTRADENSE
19/20-09-2020	21ª SUBIDA A ESCUSA	7	BUXA MOTOR POIO
03/04-10-2020	3ª SUBIDA A TABOADELA	7	TABOADELA

(\*) E as que designe a Comisión de Montaña.

### Artigo 16.- PREMIOS E TROFEOS.

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA CARROZADOS:

Campión .....Trofeo de Bronce-Ouro F.G.A.  
Sub-Campión .....Trofeo de Bronce-Bronce F.G.A.

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA NON CARROZADOS:

Campión .....Trofeo de Bronce-Ouro F.G.A.  
Sub-Campión .....Trofeo de Bronce-Bronce F.G.A.

COPAS DE GALICIA DE MONTAÑA:

Campión Agrupación 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 .....Trofeo de Bronce F.G.A.  
Campiona de Escuderías .....Trofeo de Bronce F.G.A.

### Artigo 17.- PALMARES DO CAMPIONATO.

1984	Victor Abraham	Selex ST-4
1985	Alberto G. Camba	Selex ST-4
1986	Alberto G. Camba	Selex ST-4
1987	Victor Abraham	Dallara 384
1988, 1989, 1990, 1991, 1992		Desertos
1993	José Pose	Renault 5 GT Turbo
1994	José L. Santos	Lola BMW
1995	José L. Santos	Osella BMW
1996	José L. Santos	Osella BMW
1997	Manuel Senra	Peugeot 306 Maxi
1998	José R. Fernández (Monchu)	Ralt RT-30
1999	José R. Fernández (Monchu)	Martini MK-39
2000	José M. Martínez	Mitsubishi L. Evo VI
2001	José A. Gómez	Martini MK-34
2002	José A. Gómez	Martini MK-34
2003	José A. Gómez	Martini MK-34
2004	José A. Gómez	Martini MK-34
2005	Iñigo Martinez	Martini MK-42
2006	Benito Varela	Outeda Racing
2007	José A. Gómez	Form. Hyupersa
2008	Benito Varela	Dicode RFC
2009	Benito Varela	Dicode FR

#### AGRUPACIÓN A "FORMULAS/BARQUETAS"

2010	Cristobal Serantes	Form. Ralt RT 34
2011	José A. Varela	Osella PA20
2012	José A. Varela	Osella PA20
2013	Cesar Rodríguez	T. Castor TC3-C
2014	Jacobo Sobral	Silver Car S2
2015	Jacobo Sobral	Silver Car S2
2016	Alexis Vieitez	Form. Outeda
2017	Alexis Vieitez	Form. Outeda
2018	Alexis Vieitez	Form. Outeda
2019	Alexis Vieitez	Form. Outeda

#### AGRUPACIÓN B "TURISMOS"

2010	José A. Iglesias	Mitsubishi E. VIII
2011	Santiago Abad	Audi A4 ST
2012	Santiago Abad	Audi A4 ST
2013	Santiago Abad	Audi A4 STW
2014	Manuel Senra	Peugeot 306 Maxi
2015	Manuel Senra	Peugeot 306 Maxi
2016	José A. Iglesias	Mitsubishi E. 8
2017	Manuel Senra	Peugeot 306 Maxi
2018	Miguel A. García	Astra TC06
2019	Manuel Senra	Peugeot 306 Maxi



**CADRO SINÓPTICO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE OBRIGATORIO PARA OS  
VEHÍCULOS MONOPRAZA FORMULA LIBRE DA FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO.**

Instalación eléctrica	Si pasa por habitáculo, protección metálica 14.10
Canalizacións gasolina	So poden pasar polo habitáculo tipo aviación 6-13.3
Canalizacións, aceite e agua	Non poden pasar polo habitáculo 7.2-13.3
Dobre circuítos de freos	Obrigatorio 14.9
Cinturóns de seguridade F.L.	6 puntos de anclaxe NORMA FIA'8853-85 14.5
Cinturóns arnés Históricos	Obrigatorios mínimo 4 puntos
<b>(A)</b>	2,5 kgs producto extintor motor e habitáculo. Disparo simultaneo
Extintores (NoCO2)	Mando accesible interior e exterior (BCF) Art. 14.1
Arco de seguridade: detrás asento	Obrigatorio. Art. 15
<b>(B)</b>	Extintor de pó A-B-C, manual, de 6 kg. mínimo, con axente propulsor N2 a 15Kgs. cm2.
<b>Advertencia:</b> Para fórmulas e barquetas é obrigatoria a extinción de <b>Tipo "A ou C"</b> . Para o <b>resto de vehículos a extinción é optativa</b> ; a criterio do equipo participante, <b>Tipo "A, B ou C"</b> .	
<b>(C)</b>	Equipación Mangiafuoco, de 100 segundos de utilidade, e dúas unidades para Rallyes/RallyMix, unha para Montaña/Autocross/Slalom/Trial/Regularidade.
Separación de altura entre o vértice superior arco e o casco	5 cm piloto sentado. Art. 15
Tirante arco dirixido cara a atrás (1 mínimo)	Obrigatorio a partir do vértice superior arco que non teña máis de 60º respecto horizontal. Art. 15
Desconector de tódolos sistemas eléctricos	Obrigatorio accesible interior e exterior 14.2
Recuperador de aceite	Obrigatorio se ten saída ó aire libre. Capacidade mínima 2 l. 14.6
Depósito gasolina seguridade seguridade FT3	Obrigatorio: - Vehículos sobrealimentados - Vehículos atmosféricos: os depósitos situados no exterior do chasis Art. 6.3 - 14.11
Buracos de enchido e tapóns	Non sobresaírán da carrocería 6.5
Apoiacabezas	Obrigatorio separación máxima casco 5 cm. Art. 14.7.
Paredes antifogo motor-habitáculo	Obrigatorio. Art. 14.8
Retrovisores	2, colocados un a cada lado. Art. 14.4.
Luz traseira	Obrigatorio 15W mínimo. Art. 14.3
Casco	Obrigatorio con etiqueta identificación segundo normas FIA 1993. Art. 17
Collarín/ Hans	Normativa FIA 8858 2002, F.G.A., e seguintes.
Traxe ignífugo, roupa interior, guantes, calzado, calcetíns e sotocasco, ignífugos	Obrigatorio NORMAS FIA, 1986. Etiqueta cosida ou bordada 17.
Anellas seguridade suspensión	Obrigatorias, se ten instaladas rótulas "UNIBALL", nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do portamanguetas metálico).
Vehículos construídos antes de 1.1.87 EL (520 kg) e EH (segundo a súa ficha de homologación)	Instalarase unha anella en cada rótula, como a que se indica no gráfico (10.4) (Ver deseño 6 ó final gráficos)
Vehículo CM e EM (Con pasaporte F.G.A. obrigatorio) (Con homologación F.I.A. e provistos de turbo)	Non se admitirán vehículos sobrealimentados, salvo os autorizados pola F.I.A. Según normativa F.I.A. CM-EM: 420 kg (mínimo)

